

ACTA

Expediente núm.	Órgano Colexiado
PLN/2025/7	O Pleno

DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN

Tipo Convocatoria:

Extraordinaria

Motivo: «aprobacion solicitude POS+ AD4/2024»

Data:

21 de outubro de 2025

Duración:

Desde las 17:00 hasta las 17:06

Lugar:

Salón de Plenos

Presidida por:

SECUNDINO GARCÍA CASAL

Secretario:

Olalla Alvarez de Neyra Martinez

ASISTENCIA Á SESIÓN

Núm. de identificación	Nome e Apelidos	Asiste
—	Araceli Bellas Castro	SÍ
—	Jose Manuel Martínez Pérez	SÍ
—	José Luis Hermida Prieto	SÍ
—	Juan Alberto Rivera Franco	SÍ
—	Manuel Beceiro Couce	SÍ
—	Manuel Varela Mecías	SÍ
—	María Belén Trigo Meizoso	SÍ
—	María Carmen Muíño Filgueira	SÍ
—	María Esther Díaz Vergara	SÍ
—		



—	Raquel Piñeiro López	SÍ
—	SECUNDINO GARCÍA CASAL	SÍ

Unha vez verificada polo secretario a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día.

A) PARTE RESOLUTIVA

ratificacion da inclusión na orde do día de asunto non dictaminado

Favorable	Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento
------------------	--

Resolución:

Ratificación da inclusión na orde do día do único asunto, conforme ao artigo 82.3 do ROF (RD 2568 /1986) ao tratarse dun asunto non dictaminado pola Comisión Informativa.

Xustifícase a urxencia en que o POS+ AD4/2025 foi comunicado ao Concello o día 3 de outubro de 2025 cun prazo máximo de solicitude do 31 de outubro de 2025.

Apróbase por unanimidade a inclusión do asunto na orde do día.

Expediente 608/2025. POS+ AD4/2025

Favorable	Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento
------------------	--

Feitos e fundamentos de dereito:

Vista a proposta de resolución PR/2025/206 de 16 de outubro de 2025.

Resolución:

PROPOSTA DE ALCALDÍA:

Visto que con data 3 de outubro de 2025 o Pleno da Deputación Provincial de A Coruña aprobou a modificación das Bases reguladoras do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2025 para engadir a base 15 para regular o POS+Adicional 4/2025 e os seus anexos,

Considerando que no citado POS+Adicional 4/2025 establece unha achega provincial asignada ao Concello de San Sadurniño de 183.701,35€ que se poden aplicar ao financiamento dos tres seguintes obxectos previstos nas Bases Reguladoras do POS+2025: gastos correntes do concello de todo o ano 2025, redución da débeda dos concellos coa deputación e investimentos financeiramente sostíbeis,

Debido a que o POS+Adicional 4/2025 se aproba en dúas fases, sendo a primeira fase a que incluírá as solicitudes de financiamento de gasto corrente e de redución de débeda dos concellos coa deputación pola utilización do préstamo provincial, e sendo a segunda fase a que incluírá as solicitudes de financiamento de investimentos financeiramente sostíbeis,



Debido ao interese do Concello en participar na devandita convocatoria, e no uso das atribucións que outorga a lexislación do réxime local, e dado que a solicitude implica un acordo plenario, por imposición da Deputación Provincial de A Coruña, que debe trasladarse para participar na primeira fase antes do vindeiro 31 de outubro de 2025,

Esta Alcaldía propón ao Pleno da Corporación da adopción dos seguintes acordos:

1.- Participar na primeira fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+ ADICIONAL 4/2025" da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega provincial asignada ao obxecto que se indica a continuación:

	ACHEGA PROVINCIAL POS+AD 4/2025
Gastos correntes 2025	183.701,35€
Redución da débeda do concello coa deputación	0,00€
TOTAL	183.701,35€

<i>Achega provincial asignada ao concello no POS+ Adicional 4/2025</i>	183.701,35€
<i>Achega provincial aplicada na 1ª fase do POS+ Adicional 4/2025</i>	183.701,35€
<i>Achega provincial pendente para a 2ª fase do POS+ Adicional 4/2025</i>	0,00€

2.- Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

3.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

Toma a palabra dona María Muiño, voceira do grupo municipal do BNG, quen indica que o asunto da orde do día versa sobre o POS+ AD4/2025, que supón unha achega de 183.701,35€ para San Sadurniño, pois ao longo do 2025 se fixeron incorporacións que permitiron crear esta liña que funciona moi similar ao resto, configurándose como unha ferramenta de financiación fundamental para os Concellos á vez que respecta a capacidade destes para definir os gastos ou investimentos máis necesarios.

Sinala que existen tres liñas para dita achega, cal é adicala a gasto corrente de 2025, á redución da débeda coa Deputación ou a investimentos financeiramente sostibles, e que a proposta do equipo de goberno é destinala a gasto corrente, xa que a estas alturas de ano isto permite liberar fondos propios para proxectos e investimentos segundo considere o equipo de goberno.

Don Juan Alberto Rivera, do PSOE, indica que está de acordo na solicitude.

Dona Belén Trigo, voceira do grupo municipal do PP, anticipa o voto afirmativo da súa formación, si ben matiza que botan de menos que, nun Concello no que a Conta Xeral amosaba unha redución de



gasto corrente, se destine precisamente a éste, entendendo que podería terse aplicado parte a investimento.

Dona María Muiño, voceira do grupo municipal do BNG, sinala que a contención de gasto corrente que se pode observar na Conta Xeral é un indicativo da boa práctica do equipo de goberno á hora de identificar os aspectos nos que se pode aforrar, pero iso non implica que a situación da financiación dos custos municipais non sexa penosa. Indica que xa dende hai tempo o equipo de goberno convida á Xunta a incorporar os criterios do POS nas súas liñas de financiación, xa que é unha ferramenta que aporta diñeiro aos Concellos e libera fondos para atender outros servizos ou continuar na boa senda do investimento. Matiza que liberar fondos non implica necesariamente non gastar, senón que se poidan, por exemplo, usar fondos propios para investir.

Don Secundino García, alcalde, intervéñ sinalando que o que se está a debatir é a solicitude dun ingreso no capítulo 4, que non implica que se vaia gastar máis en correntes, senón que probablemente se manteña o equilibrio orzamentario ao cumprirse a previsión de ingresos.

Sometido a votación, apróbase por unanimidade dos membros do Pleno da Corporación o seguinte ACORDO:

1.- Participar na primeira fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+ ADICIONAL 4/2025” da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega provincial asignada ao obxecto que se indica a continuación:

	ACHEGA PROVINCIAL POS+AD 4/2025
Gastos correntes 2025	183.701,35€
Redución da débeda do concello coa deputación	0,00€
TOTAL	183.701,35€

Achega provincial asignada ao concello no POS+ Adicional 4/2025	183.701,35€
Achega provincial aplicada na 1ª fase do POS+ Adicional 4/2025	183.701,35€
Achega provincial pendente para a 2ª fase do POS+ Adicional 4/2025	0,00€

2.- Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

3.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

B) ACTIVIDADE DE CONTROL

Non hai asuntos



C) ROGOS E PREGUNTAS

Non hai asuntos

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

